

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2024 pola que se amplía o crédito orzamentario establecido na Resolución do 27 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Renova o teu vehículo, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria, mediante tramitación anticipada, para a anualidade 2024 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).*

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 236, do 14 de decembro de 2023, publicouse a Resolución do 27 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renova o teu vehículo, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria, mediante tramitación anticipada, para a anualidade 2024 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).

O procedemento de concesión destas subvencións tramitouse en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na data da presente resolución están reservados a totalidade dos fondos destinados ás persoas físicas e existe lista de espera nesta epígrafe ao tempo que aínda queda dispoñibilidade de fondos no apartado de autónomos ou empresas.

O artigo 2.2 das bases reguladoras prevé a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalguna das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación das solicitudes. De producirse a ampliación de crédito, publicarase no DOG e na páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)), sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso de proxectos de renovación



de vehículos por outros de baixas emisións e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro. Ampliar os fondos destinados ao Plan Renova o teu vehículo e modificar a táboa do artigo 2.1 da Resolución do 27 de novembro de 2023 do seguinte xeito:

Tipo de beneficiario	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
Persoas físicas	09.A3.733A.780.4	2.700.000,00	150.000,00	2.850.000,00
Autónomos ou empresas	09.A3.733A.772.2	300.000,00	0,00	300.000,00
Total		3.000.000,00	150.000,00	3.150.000,00

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2024

Pablo Fernández Vila  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

